
ERNESTO E CELESTINA PERDERON A SIMEÓN

Texto e ilustracións de **GABRIELLE VINCENT**

Tradución de **TAMARA ANDRÉS**

Encadernado en cartón. 24 x 22 cm. 32 páx. 15 €.

Ernesto e Celestina perderon a Simeón (galego)
ISBN 978-84-8464-361-6. Tras os montes.

Ernesto y Celestina han perdido a Simeón (castelán)
ISBN 978-84-8464-362-3. Clásicos contemporáneos.

Ernest i Celestina han perdut en Simó (catalán)
ISBN 978-84-16804-36-8. Clàssics contemporanis.

Ernesto eta Zelestina, Simeon galdu da (éuscaro)
ISBN 978-84-9172-016-4. Gaur egungo klasikoak.

–*Queres vir, Simeón? Imos dar un paseo.*

–*Espera un segundiño, Ernesto. Xa case estamos listos.*

–*Vai moito frío, Celestina.*

–*Volvamos á casa.*

–*Agarda, Ernesto, agarda! Temos que atopar a Simeón!*


Canto se disgusta Celestina por extraviar o seu boneco preferido!
Sorte que Ernesto atopará unha solución que a alegrará non só a ela... senón tamén a moitos máis habitantes do bosque.
Para iso están os amigos de verdade!

“Ernesto e Celestina perderon a Simeón” é un dos 30 títulos dunha exitosa serie que Gabrielle Vincent comezou a publicar nos anos 80 sobre as peripecias dun oso bonachón e dunha fráxil ratiña.

Trátase dun álbum de estrutura dialogada que destaca pola súa linguaxe sinxela e polo hábil equilibrio entre o texto e as ilustracións, de xeito que a ausencia de palabras en determinadas escenas apóiase na expresiva narración visual da historia. Son imaxes pictóricas; suaves acuarelas con debuxos de trazos soltos e estilo bosquejado.

As diferenzas entre os protagonistas son máis que evidentes tanto dende o punto de vista físico, polo aspecto robusto de Ernesto e polo pequeno tamaño de Celestina, como porque tamén as súas personalidades son moi distintas, malia que complementarias: sensible e impulsiva, ela; tranquilo e paciente, él.

Un relato que desprende tenrura, pinceladas de humor e no que están presentes o valor da auténtica amizade, a bondade e a xenerosidade, a unión e o espírito emprendedor para superar as dificultades; unha obra que aposta por atopar a felicidade nas cousas sinxelas e compartir os bos momentos.



-
- **Temática:** amizade, iniciativa, superación.
 - **Idade recomendada:** a partir de 3 anos, primeiros lectores.
 - **Aspectos destacables:** diferentes aspectos físicos, personalidades distintas e complementarias; xenerosidade, bondade, convivencia, compañeirismo, emocións; Nadal; da autora de “Ernesto e Celestina, músicos da rúa” (Kalandraka).
-

Gabrielle Vincent

(Bruxelas, 1928 - 2000)

Pseudónimo de Monique Martin, que tomou ese nome dos seus avós, Gabrielle e Vicent. Traballou como pintora antes de iniciar, nos anos 80, a súa traxectoria como autora e ilustradora de libros infantís. A serie Ernesto e Celestina -que se adaptou ao cine en 2012 e recibiu o Premio César á mellor película de animación, unha mención especial no Festival de Cannes e foi distinguida pola Asociación de Críticos dos Ánxeles- foi a súa obra máis recoñecida.

